




xa somos
máis de **600** coop

A CORUÑA,
provincia cooperativa

espazo.coop

espazo coop
unión de cooperativas galegas

Deputación
DA CORUÑA

A large crowd of diverse, colorful human figures (top-down view) forming the outline of the map of Galicia, Spain. The figures are in various colors and poses, representing a multicultural and active population. The map is composed of many small, individual figures, with some larger figures scattered around the main outline.

A Coruña é unha provincia cooperativa.
Somos máis de 600 cooperativas en
todo o territorio, nos sectores máis
diversos e cunha presenza moi
importante na economía. É, das
provincias galegas, onde hai un maior
número, aglutinando preto do 40% das
1.600 activas en Galicia.



xa somos máis de 600 coop


A CORUÑA, provincia cooperativa

A Coruña é unha provincia cooperativa. Somos máis de 600 cooperativas en todo o territorio, nos sectores máis diversos e cunha presenza moi importante na economía. É, das provincias galegas, onde hai un maior número, aglutinando preto do 40% das 1.600 activas en Galicia.

O dinamismo cooperativo reflíctese nunha importante **diversidade**, existindo cooperativas en moitos sectores e representando unha saída laboral e vital apta para persoas que viven tanto nas cidades como nas áreas rurais ou vilas medianas e pequenas.

As cooperativas somos unha opción cada vez máis estendida entre a **xente nova**, conectando mellor cun enfoque de traballo participativo, creativo, flexible e actual. É por iso que as iniciativas empresariais máis innovadoras e mellor adaptadas optan cada vez máis polo modelo cooperativo, que favorece o enfoque necesario para emprender.

Representamos **outra forma de ver a vida**, asumindo unha serie de valores irrenunciáveis para a sostiabilidade: traballo de calidade, respecto medioambiental, intercooperación, etc. Unha proposta que respecta os ritmos e as necesidades das persoas socias e traballadoras. Un modelo en consonancia coa propia vida, que pon os dereitos por riba dos beneficios.



As cooperativas **resistimos** mellor a crise e a pandemia: menos ceses de actividade e peches de empresas, maior creación de proxectos e emprego... Mesmo nos anos máis duros. Somos tamén unha solución cada vez máis empregada para a reconversión de empresas en crise ou negocios que creban e son recuperados polas persoas traballadoras.

Máis do 40% das socias fundadoras das cooperativas galegas son **mulleres**, unha porcentaxe moito máis alta que no caso das empresas mercantís. E cada vez máis: no último ano, máis da metade das promotoras de cooperativas en Galicia foron mulleres.

A economía social é un motor fundamental da nosa **economía**, representando a nivel estatal un 10% do PIB, e un 12,5% do emprego. Neste eido, as cooperativas galegas xogan un papel fundamental.

**Estás en proceso de creación dunha empresa?
Queres formar unha cooperativa ou transformar
unha empresa? Súmate á vía cooperativa!**

**Entra en espazo.coop e coñece todo o que o
cooperativismo pode facer por ti.**